

OLGA

Nevaba en seco dende a nube alta da mañá. E ti voabas máis aló dos cumes e das simas. Miña amiga das palabras no directo, sen matices. Somos os dous da xente incómoda, os malos de por vida e morte. Por iso vai esta derradeira crónica no teu día de vó e de cantigas cara aos paxaros que hai no paraíso, seica. Quedamos esa media ducia dos que sempre pararán contigo para sabermos do teu último mal xenio, das refoladas do vento que nos botas en culpa por tanta vida hipócrita e consentida. “Corre, corre, que xa parará”, dicíame nun refrán que case me aburría. Sei que vai contigo o mundo que gastabas en memoria feliz: aquela “fermosísima moza” coma nunca outra houber na Terra do Medio; son os testemuños dos nosos pais, tíos, avós, amigos..., que recoñecerás axiña na porta das chegadas: entrégalles tamén os noso bicos. Cuba, Ventosa, Madrid, Canarias, Vigo, Agolada...son as singraduras no teu mar da vida. Aínda estas aquí a me dicir “a ver que escribes”, como fai case vinte anos, con este mesmo título. Sexas feliz sempre. E sen tristuras tantas; e sen tabaco consumido ata que a cabicha sexa esa ruína. Auténtica Olga, a mala das películas. Agora saberás quen si e quen non eramos as amigas e os amigos. Dimo axiña, se hai por quen, acaso o vento. Ladra o teu can, Pastor, na porta do cariño. E Pico, en triste coma min, uliscará tamén máis dunha vez na manta de deitar e consumir. Descansa. En cada camiñada da memoria e da saúde, sentarei na túa pedra da intemperie. Agora van os nosos bicos no colo das folerpas: para ti, que tanto te cabreas. Deita e durme o sono máis antigo

Xosé Vázquez Pintor